

O seguinte protocolo sanitario foi establecido pola S.D. Vilvestro en colaboración co Departamento de Deportes do Concello de Santiago

PROTOCOLO A SEGUIR POLOS DEPORTISTAS PARA A VOLTA AOS ADESTRAMENTOS

Protocolo sanitario a seguir polos xogadores/as antes, durante e despois dos adestramentos



SDVILLESTRO

Queridos/as xogadores/as:

Sete meses é moito tempo sen vernos!! Son moito meses de espera, de incerteza, moito tempo parados, de non poder facer o que máis vos gusta, xogar ao fútbol.

Dende a S.D. Vilvestro estrañámosvos moitísimo e estamos a facer todo o que está nas nosas mans para poder volver a vervos. Vervos adestrar, gozar, xogar, sorrir...

Tivemos que desfacer case todo o que tiñamos pensado para vós, por culpa deste maldito COVID-19 que entrou nas nosas vidas coma un furacán e non nos da deixado, e volver a refacelo para adaptalo a esta nova normalidade que xa todos e todas ides coñecendo .

Estamos desexando que volvades pero ao igual que nós, dende o Club, tivemos que adaptarnos e respectar unha serie de normas moi exixentes que nos impoñen dende as Autoridades, todo para protexervos a vós e aos vosos familiares e amigos máis queridos, vós tamén deberedes e teredes que seguir e respectar outra serie de normas que tamén son moi exixentes, aínda que para nada dubidamos que seredes capaces de facelo. Se todos facemos o que nos piden, pronto volveremos a vernos moi pronto.

Van mudar moitas cousas, os adestramentos só serán de 1 hora, teredes que ter a máscara posta, non poderedes xogar partidiños, nin facer xogos de equipo. Teredes que tentar manter a distancia de seguridade e non poderedes usar os vestiarios... Son moitas cousas que hai que mudar pero que seguro que sodes quen de facelas rápido.

Como xa dixemos, tedes que seguir unha serie de normas (os profesionais chámanlle PROTOCOLO), pero aínda non se vos dixo cales eran. Pois de seguido vos poñemos enumeradas todas e cada unha destas normas que debedes cumprir sen condicións. Se así o facedes, poderedes gozar dos adestramentos durante moito tempo.



PROTOCOLO A TER EN CONTA POLOS XOGADORES PARA A VOLTA AOS ADESTRAMENTOS

1. **Deberedes vir cambiados da casa** coa roupa de adestramento.
2. É recomendable que teñades un **miniset co material hixiénico básico** (mascara de reposto, xel hidroalcohólico)
3. Teredes asignado un campo de adestramento. **Debedes chegar ás instalacións dende a zona de aparcamento exterior máis próxima ao voso campo de adestramento** (ver plano anexo).
4. **Entraredes ás instalación pola porta principal**, onde está a Conserxería, accedendo a través de alfombras virucidas para desinfectar o calzado.
5. **Non poderedes entrar ao recinto coas botas de fútbol postas.** Debedes entrar ao recinto con calzado deportivo que cambiaredes dentro do campo antes do inicio do adestramento. (ver plano anexo).
6. **Entraredes ao interior do recinto deportivo coa máscara posta.** É recomendable que teñades unha máscara de reposto. Recomendámosvos que teñades unha máscara só para os adestramentos, diferente coa que usedes para entrar e saír das instalacións.
7. Cando entredes ao campo de fútbol, **debedes limpar as mans con xel hixienizante á entrada.**
8. Tedes que **seguir todas as indicacións e marcas postas dentro das instalacións** para un mellor cumprimento das normas.
9. Deberedes de manter e **gardar en todo momento a distancia de seguridade** dentro do recinto.
10. **A grada do campo de fútbol estará habilitada para deixar as vosas pertenzas ou mochilas.** Estará dividida en 2 zonas diferenciadas, **zona 1 e zona 2**, que coincidirán cada unha delas cos campos de adestramento.
11. **Non se poden utilizar os vestiarios nin as duchas.**
12. **Poderedes utilizar o baño**, pero debedes de avisar antes ao conserxe.
13. **Durante o adestramento debedes levar posta a máscara.** Só a poderedes sacar para respirar e airear cando o adestrador/a volo diga.
14. **Non toquedes o material deportivo** antes, durante nin despois dos adestramentos, agás o estritamente imprescindible (balón, peto...).
15. Procurade non tocar calquera parte das instalación (valla, paredes, portas, porterías...)
16. Seguide atenta e estritamente as indicacións dos adestradores/as.
17. **Ao remate do adestramento deberedes cambiar as botas de fútbol e volver a por o calzado que traíades** posto para saír da instalación. Podedes traer unha muda limpa para cambiarvos, pero lembre que non tedes vestiarios e ides estar na grada.
18. **Podedes traer unha botella de auga** que non se compartirá, só a utilizaredes vos.
19. Debedes traer panos de un só uso. Cando os usedes debedes depositalos nas papeleiras.
20. **Sairedes do campo de fútbol por unha das portas de servizo lateral, sempre a máis próxima ao voso campo de adestramento**, coa máscara posta e limpando as mans previamente con xel hidroalcohólico (ver plano anexo).

PROTOCOLO DE ACCESO E SAÍDA ÁS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DA BARROSA



P Área de aparcamento
 → Traxecto de acceso ás instalacións (Farase pola entrada principal)
 → Traxecto de saída das instalacións (Farase polos portais de servizo lateral)

SOCIEDADE DEPORTIVA VILLESTRO

CIF G. 15478555

Lugar de Tras Igrexa nº 18 (Vilvestro), 15.896 Santiago de Compostela

e-mail: sdvilvestro@yahoo.es